

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

XXIII CONGRESO DE GALEUSCA EN IRUÑA

Os tabús literarios de galegos, vascos e cataláns

Son os mesmos? Teñen que ver máis co político, co afectivo ou co estético? Como enfrontarse a eles? A actitude dos escritores diante do tabú é a excusa que este ano levará os escritores de Galeusca a botar catro días en Iruña para falar de literatura, botar contos, gozar da paisaxe navarra e, aforramos dicilo, da súa gastronomía.

- 13:00 31/10/2006

A Asociación de Escritores en Lingua Galega ([AELG](#)), xunto coa súa homóloga catalana ([AELC](#)), e [Euskal Idazleen Elkarteeta](#), organizan este XXIII Congreso de Galeusca, no que participarán pola parte galega Camilo Franco, Bieito Iglesias, Xavier Queipo, Isidro Novo, Xerardo Méndez, Marilar Alexandre, Xavier P. Docampo, María Reimóndez e Antón Riveiro Coello.

O encontro celebrarase en Iruña entre o 1 e o 4 de novembro. Na xornada de recepción dos asistentes presentárase o documental *A vontade como ponte* do realizador vasco Edorta Jiménez, no que se lembran os 23 anos de Galeusca. O programa tamén inclúe varias conferencias e debates, recitais de contos, grupos de traballo, asistencia a concertos, excursións, comidas e reparto de agasallos. Pódese consultar enteiro [aquí](#) (RTF).